

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 10 de setembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de setembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE, de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(981).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(982).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA PROGRAMAS DIRIXIDOS Á INCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA, DA POBOACIÓN INMIGRANTE E DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DA RISGA. EXPTE. 87931/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Política de Benestar, do 9.09.13, conformado pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención da Xunta de Galicia segundo a orde do 6 de agosto de 2013, nos seguintes programas e contías:

- a) Programas dirixidos á inclusión social da comunidade xitana 50.000 €.
- b) Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante 25.000 €

c) Programas dirixidos á inclusión social de persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia (RISGA) 50.000 €.

Segundo.- Habilitar a Concelleira-delegada de política de benestar para a sinatura de tanta documentación sexa necesaria en relación á citada convocatoria de subvención.

3(983).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN XERADAS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1799/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 6.09.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Darse por enterada da exclusión acordada pola Mesa de Contratación celebrada o día 23-08-2013 de Talleres Vila Rodríguez, S.L por non acreditar a solvencia técnica nin ter un obxecto social que lle faculte para executar o contrato.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xeradas polo taller de Vías e Obras do concello de Vigo (expediente 1799-440) no seguinte orde decrecente:

1º.- González Couceiro, S.L.U. 100 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar González Couceiro, S.L.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir ó citado licitador o aboamento de 647,98 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Quinto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

4(984).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS DA ÁREA DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 68814/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 6.09.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a subministración de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de Vías e Obras da Area de Fomento do concello de Vigo (exped 68814-250) no seguinte orde decrecente:

- 1º.- Construccións Obras e Viais, S.A. 100 puntos
- 2º.- Construcciones Crespo, S.A.: 60,97 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar Construccións Obras e Viais, S.A. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requerir ó citado licitador o aboamento de 1.316,80 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumplan os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

5(985).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA DE MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14694/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 30.08.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a subministración de enerxía eléctrica de media e baixa tensión para as distintas instalacións electromecánicas do concello de Vigo (expediente 14694-444) no seguinte orde decrecente:

1º.- Gas Natural Comercializadora, S.A. 100 puntos

2º.- Endesa Energía, S.A.U.: 51,58 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar Gas Natural Comercializadora, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requerir ó citado licitador o aboamento de 1.339,06 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez